


Castro do Redo

O castro da Croa de Redo – de "redondo"- forma parte dun complexo sistema defensivo da Idade do Ferro, composto por cinco castros que protexen e controlan o Val do Xuvia dende unha altura similar. Tres deles están situados nas ladeiras do Monte Rapadoiro: [San Sadurniño](#), [Riboira](#) e [Redo](#), franqueados no suroeste polo [Castro Rupiallo](#), e no sureste polo Castro das Croas de Ramil. Ao norte conta co apoio defensivo dos castros de [Bardaos](#), Escotadoira e [Castrelo](#) xa en Santa Mariña do Monte.



Fotografía aérea da localización dos cinco castros de San Sadurniño (1956)



Foto aérea do Castro do Redo en 1956.

Segundo [Federico Manciñeira](#) os habitantes do castro do Redo, estarían especializados nas actividades agrarias, mentres que o de San Sadurniño ou Riboira, á maior altura, traballarían especialmente na gandería. A razón que alega o arqueólogo galego é a diferente altura dos tres castros. Mentres que San Sadurniño e Riboira están situados nun outeiro illado, o Castro do Redo ubícase nunha meseta na parte inferior do Rapadoiro, mais preto das veigas do Chao de Lamas con terras óptimas para o cultivo de cereais e frutais; ademais polas súas beiras descorre un regato ademais do río Xuvia. Os seus topónimos evocan ese pasado agrario: **Fabal, Pomar, a Leira, Campón, Sucastro, a Costeira, o Rego, Soutullo, Redondo.**

Aparentemente existen poucos vestixios da actividade dos seus primitivos poboadores do Redo. Restos de terrapléns e muros de pedra arredor do recinto e pouco mais. Algún veciño aínda lembra a utilización das pedras do muro perimetral na carreteira que pasa ao carón do castro.